

**SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DO DÍA 19 DE
AGOSTO DE 2021**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E
DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO**

Rogos e preguntas

Rogo de AV presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/4278 o día 13 de agosto de 2021, xunto co resto de rogos e coas preguntas presentados ás comisións informativas.

Único. Ante a petición reiterada que este grupo municipal fai sobre datos dos orzamentos participativos e ante a posible proximidade da celebración da convocatoria deste ano, Alternativa de Cambre roga que se dea contestación á información que solicitamos.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, recolle o rogo.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/4278 o día 13 de agosto de 2021, xunto cos rogos e co resto das preguntas presentados ás comisións informativas.

1ª Puidemos coñecer a través da prensa a intención de intervir en dous cruceiros do municipio. Poderíanos explicar en que consisten as remodelacións que se pretenden?

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta que se trata da consolidación da base do cruceiro de Sigrás e de elevar o cruceiro de Cambre, pois coas obras de remodelación da Praza de Europa a grada de abaixo quedou enterrada e hai que elevar todo o conxunto para devolverlle a visibilidade que merece.

2ª Puidemos ver que o proxecto de voluntariado xuvenil que se presentou ás subvencións para este ámbito á Xunta de Galicia foi denegada.

Queríamos coñecer por que se deu esta situación e se se vai realizar o proxecto con que fondos se fará.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta que a explicación que se lles dou para denegala foi que non se alcanzou a puntuación requirira. Engade que non explican por que se subvencionou a concellos valorados con 50 puntos, tendo en conta que na categoría senior eran 52 puntos, e que se vai alegar. Di que o desenvolvemento do proxecto se fai con cargo a fondos do Concello.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ,
EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos e preguntas

Rogos de AV presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/4278 o día 13 de agosto de 2021, xunto co resto de rogos e coas preguntas presentados ás comisións informativas.

1º Veciñanza do Temple da zona do Paseo Marítimo e da Tapia dannos traslado do seu malestar pola convivencia coas persoas que frecuentan os locais de hostalería da zona. Estes veciños falan de vehículos que circulan a altas velocidades, manobras perigosas na rotonda da Tapia, movementos de “trapicheo” e continuo ruído ata despois do peche dos establecementos.

Rogamos que se estableza maior control en ambas zonas.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que se leva facendo un control por este motivo dende o pasado 13 de xuño, cando recibiu unha chamada no seu móbil persoal, e que dende ese día incrementouse a presenza policial a esas horas.

2º Na liña do anterior rogo achegamos as queixas da veciñanza de Otero Pedraio e Paseo Marítimo onde de xeito habitual se poden atopar grupos xuvenís facendo botellón.

Resultando un problema de convivencia cidadá, pero tamén un tema a traballar co colectivo xuvenil.

Rogamos tamén se estableza maior control nestas zonas para disuadir este tipo de condutas.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, di que se ven informando por parte da policía local dende abril e que a día de hoxe non hai un problema de botellón, si hai grupos de rapaces, pero non están bebendo, segundo lle informa a policía.

3º Veciñanza de diversas zonas trasladánnos o seu malestar co servizo de recollida de lixo. Dende O Temple, Cambre e A Barcala son varios os puntos nos que os contedores son insuficientes para a cantidade de lixo que se xera. En zonas do rural podemos ver estes días en prensa á veciñanza de Lendoiro que reclama máis contedores, algo que non é petición exclusiva desta zona e tamén o incumprimento por parte da veciñanza sobre o tipo de residuos que deixan nos contedores.

Rogamos novamente se contacte coa empresa concesionaria para buscar solucións e mellorar estas situacións.

Dona Patricia Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, acepta o rogo e di que están falando co Consorcio a este respecto e que se levará a cabo unha campaña de concienciación.

Dona María Jesús González Roel, do PP, di que na zona de Altamira hai un contedor que está sempre con sucidade arredor pois é unha zona de paso na que os coches paran a deixar bolsas de lixo.

Dona Patricia Parceró Quiñoy dille que se está valorando co Consorcio unha nova situación para ese contedor.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/4278 o día 13 de agosto de 2021, xunto cos rogos e co resto das preguntas presentados ás comisións informativas.

1ª Cal foi o número de denuncias e/ou queixas que se rexistraron nos diferentes canles de comunicación municipal (rexistro, web, whatsapp, oficina de policía) respecto dos temas presentados nos rogos 1 e 2 no último ano?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que se lle contestará cando estea a persoa que leva este tema, a auxiliar administrativa da Policía Local.

2ª Cal foi o número de controis policiais e intervencións feitas respecto dos temas presentados nos dous primeiros rogos no último ano?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que se realizaron un total de 243 intervencións policiais en todo O Temple no último ano; e que no último mes recibíronse 19 por chamadas de veciños, e formuláronse 5 denuncias por non usar máscaras, 11 denuncias por rúidos na rúa, 1 denuncia por alcoholemia na rúa Tapia e 2 pelexas, pero estas últimas xa na zona de Oleiros, pasando O Seixal.

Faise constar que cando son as catorce horas e quince minutos, antes do comezo da seguinte comisión informativa, auséntase da sesión don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG.

Rogos e preguntas

Rogos de AV presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/4278 o día 13 de agosto de 2021, xunto co resto de rogos e coas preguntas presentados ás comisións informativas.

1º En consonancia coas queixas de botellóns habituais na zona de Otero Pedraio e Paseo Marítimo, aínda que xa foi un rogo que presentamos nalgunha ocasión, queremos reiterar a realización de plans concretos de actuación en materia xuvenil para abordar as situacións de botellóns que en moitas ocasións derivan en problemática de vandalismo.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, di que, como tal, non beben, pero que recolle o rogo a ver que se pode facer.

2º Estamos vendo que a programación cultural deste verán non está a ter unha gran difusión e chegaronnos queixas ao respecto.

Rogamos a difusión das actividades culturais programadas para este verán para que a veciñanza poida gozar delas.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, acepta o rogo, pero aclara que as actividades teñen a mesma difusión que sempre e que cando estivo Cándido Pazó non estaba a responsable de prensa e é posible que tivera menos publicidade da que lle correspondese.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/4278 o día 13 de agosto de 2021, xunto cos rogos e co resto das preguntas presentados ás comisións informativas.

1ª Queríamos coñecer máis concretamente en que vai consistir a remodelación que se vai facer no complexo deportivo da Barcala.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que se levará a cabo unha sala polivalente nun volume independente, que estará conectado co resto do complexo a través dunha pasarela de vidro. Di que se trata de dar máis servizos á veciñanza.

Dona Sandra Sánchez Vieites, de AV, pregunta se se aumentará a maquinaria do ximnasio, ao que don Daniel Mallo Castro contesta que si, pero que isto prevese nos pregos que están a elaborar para contratar a concesión do servizo.

2ª No mes pasado preguntamos sobre a situación das queixas dunha veciña diante do concello sobre o servizo de axuda no fogar. A pregunta non foi contestada por considerar que non é un tema para comisións, polo que reiterámonos en coñecer en que punto está a situación desta familia que, segundo os medios, acadou finalmente a resolución da situación.

Don Daniel Mallo Castro di que lle contestará a concelleira da Área de Benestar Social por escrito.